



*PRADO (SAN MARTÍÑO)



Parroquia situada no centro do concello que ocupa unha superficie de 7,5 km². Posúe 90 habitantes que se reparten entre 11 entidades poboacionais: A Casanova, A Costa, A Devesa, O Empalme, Lousende, Outarelo, A Pena, Prado de Arriba, Prado de Abaixo, O Sisto e A Uceira. A súa densidade de poboación é de 12 hab/km².



FRIOL
PQ. PRADO

Esta parroquia conta con varios vestixios históricos. Por unha parte, debeu ser un enclave importante na época prerromana, pois perdurou ata os nosos días un castro semicuberto pola maleza pero que aínda non perdeu a forma nin o foso que o rodeaba. Por outra parte, dando un salto de case dous milenios, tamén atopamos unha referencia ao posto principal que ocupaba esta parroquia no conxunto do concello nos séculos XVIII, XIX e XX.

No lintel dunha ventá do que era a Casa do Fidalgo obsérvase un grabado que indicaba que alí era o lugar onde os labregos debían ir pagar as súas rendas ano tras ano, seguramente ao señor da torre.

Prado xa aparece nos Tumbos de Sobrado no s. X (villa Prato). Procede do latín *pratum*, que designa un terreo onde medra a herba. Este topónimo, presente coa mesma forma noutros concellos coma o de Lalín (San Martiño de Prado), denomina tanto a parroquia como dous dos seus lugares: **Prado de Arriba** e **Prado de Abaixo**, que se diferencian entre si polo nivel topográfico, arriba e abaixo, derivados dos latinos *ripa/bassus*.

A maioría dos nomes das entidades poboacionais están relacionados con características do terreo ou da paisaxe.

Así atopamos **A Costa**, que significa «terreo con pendente» (do lat. *costa*); **A Devesa**, «terreo extenso, poboado de árbores non moi mestas, normalmente valado ou cercado» (do lat. *defensa*); **Outarelo** é o diminutivo de outeiro (do lat. *altarium*) que seguramente fose *altarellum*, segundo N. Ares; **A Pena**, que designa unha rocha (do lat. *pinna/penna*); e **A Uceira**, un terreo poboado de uces, arbustos ramosos de flores brancas ou rosadas moi presentes na xeografía galega, asturiana e leonesa. Este último termo deriva do latín *ulex* («uz/uce») seguido do sufixo *-aria*, que daría como resultado a forma *ulicaria*.

A Casanova é o conxunto dos vocablos latinos *casa* e *nova*, que apenas sufriron ningunha evolución ata os nosos días.

O Empalme é un odónimo que se refire a un cruce de camiños, onde estes se unen, e nace da fusión do prefixo latino *in-* máis a palabra *palomar*, que designa un tipo de fío que empregaban os mariñeiros para ligar artiluxios fortemente (Corominas reflexiona sobre a utilización do termo *paloma* para certos mecanismos, e afirma que este uso se dá debido a que en principio designaba obxectos que se lanzaban ao mar e semellaban o voo dunha pomba).

Lousende é o xenitivo do nome *Leodesindus*, seguramente posuidor deses terreos.

Por último, **O Sisto** parece proceder do antropónimo *Syxtus*, aínda que existe a teoría de que se formou a partir do latín *sisto*, *stiti*, *statum*, con significado de establecer ou parar, e que podería referirse a un descanso ou paradiro por estas terras.

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Etnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis